

A photograph of two men sitting side-by-side outdoors. The man on the left is wearing a brown jacket over a white shirt and glasses. The man on the right is wearing a dark blue sweater over a blue collared shirt. They are sitting in front of a large, textured stone wall. The background shows green grass and trees under a clear sky.

**“Para ser e crear
necesitas independencia”**

Conversa con

Fernando Pérez-Barreiro Nolla



Fernando Pérez-Barreiro Nolla é personalidade ben coñecida na Galicia posterior a 1950: director de teatro nos seus tempos de estudante, políglota, intelectual comprometido co país, aínda residindo fóra del a maior parte da súa vida, conferenciante, tradutor, crítico, integrante do “Grupo de Traballo Galego de Londres”, membro do Consello Asesor do IGADI... É, hoxe, un verdadeiro paradigma do nacionalista internacionalista que sempre primou en Galicia —dende o conde de Gondomar a Viqueira, Risco, Plácido Castro, Otero Pedrayo e tantos outros—, xustamente o máis oposto ao exclusivismo que se nos apón dende o centro.

Nesta conversa que mantivemos con el dámos algunhas das claves da súa rica formación intelectual; dende os seus primeiros anos, no seo da súa familia, ata o día de hoxe, en que, instalado na cidade de Londres hai máis de corenta anos e en relación estreita con moi diversas culturas, vive na plenitude da súa madurez intelectual e humana. Unha experiencia espiritual a súa que xulgamos útil coñecer, non só en si mesma, senón porque axudará a explicar a complexa personalidade dun dos máis brillantes intelectuais galegos de calquera tempo. E, tamén, o seu esforzo e o seu empeño por contribuír á empresa de facer unha Galicia mellor, unha Galicia á que sempre se mantivo estreitamente unido de moi diversas formas e maneiras, e en moi diferentes circunstancias e situacións, dalgún xeito presentes na conversa que segue.

XOSÉ LUÍS FRANCO GRANDE

XULIO RÍOS

Hai algúns vectores perfectamente identificables nas túas orixes que probablemente contribuíron de forma intensa ao teu desenvolvemento posterior, a nivel persoal e profesional. Un deles foi o contorno familiar...

Con certeza, aí naceron as miñas primeiras afeccións pola cultura e o galego. O meu pai publicou varias obras en galego. Ademais de *Ducia e pique de fábulas* (Celta, Lugo, 1954), publicara, sendo moi novo aínda, unha colección de poemas costumistas (*Andrómenas*). En castelán publicara, tamén nos anos mozos, outros poemas, de temas máis variados e inspiración estética finisecular (*Pavesas de la hoguera*), e moito máis adiante un anecdotario forense (*El Digesto no indigesto*). Ollando a súa obra e o que el contaba da súa vida, decatábame de que no seu Viveiro natal de comezos do século pasado falaba galego practicamente todo o mundo. El nacera no seo dunha familia relativamente acomodada e profesional, e viñera a Ferrol no vinte e tantos para dirixir *El Correo Gallego*, que daquela se facía alí, e exercer de avogado. O meu avó era alcalde de Viveiro por aquelas datas, as da Ditadura de Primo de Rivera. A familia procedía do Burgo de Trasbar, preto de Cervo e de Sargadelos. O primeiro en trasladarse á vila fora o meu avó; o resto dos parentes seguiu cultivando a terra. Eran, el e o meu pai, falantes naturais de galego, e eu nunca lle ouvín ao meu pai falar outra cousa na casa. Parecíame natural e nunca tiven que aprender conscientemente a lingua. Cada vez aprecio máis o que conservo das obras do meu pai, que cando eu era máis novo non podía apreciar debidamente. Non só no seu contido, senón polo que significaban como testemuño dunha lingua galega moi pura, nada artificial e hoxe case desaparecida.

O meu pai fora seminarista sen vocación en Mondoñedo, e só despois de saír do seminario licenciárase en Dereito en Madrid. Daquela había seminaristas “externos”, que vivían en pensións unha vida de xeito “troiano”. O meu pai tiña sona de acompañarse moito de segrares, e un deses segrares, dos que se fixo moi amigo, foi Eduardo Lence-Santar y Guitián, minucioso pesquisador da historia mindoniense. Seguiron sempre esa amizade, e xa o meu pai en Ferrol e eu rapaz novo, mandáballe Lence por correo unha especie de xornal que publicaba, onde recollía as súas investigacións de historiador local e xenealóxicas. Chamábanme moito a atención e iniciáronme no interese pola historia do país, e tamén polo labor dos entusiastas cronistas locais, ás veces exaxerados no seu patriotismo, pero sempre aliciantes. O de Viveiro, don Xesús Noia, era un bo exemplo desa estirpe, que aínda cheguei a coñecer. Cando empezamos a facer, en 1972, o *Boletín* do Grupo de Traballo Galego de Londres nas súas follas amarelas, eu estábame lembrando das folliñas que Lence-Santar arraxaba para distribuír entre os seus amigos. Ben distantes os tempos e as circunstancias, sempre hai continuidades inesperadas.

Outra das túas referencias deses anos é ao lugar da Toca. ¿Foi ese o teu único contacto directo coa aldea galega?

Na Toca pasei moito tempo. Meu pai mandara facer unha casa alí. Non era lugar de modanin de veraneo. Entre Ferrol e As Pontes, preto de Igrexafeita e cara ao Forgoselo, está no punto máis alto dese treito da estrada que levaba a Asturias. É unha terra de espiñazo agreste entre os vales do Xuvia e os de Ferreira, Moeche, e outros que se espallan ata a costa do Ortegal. Desde os seus penedos de grani-

to vese o canto noroeste da Galiza, a Artabria, desde a Capelada á ría de Ferrol e, nun día claro, o Castelo de Goía polo leste.

Eu sentíame ben naquel mundo. Tratába moito coa xente de alí, sobre todo coa familia da tenda-taberna. O seu dono estivera en Cuba, e á volta de aló andara por toda España, á procura de onde establecerse. E non me preguntedes por que, foi a establecerse na Toca, despois de considerar mesmo a posibilidade de afincarse na Coruña, ou nas Pontes, ou no Bierzo, de onde era a súa dona. Pero optaron por abrir unha tenda alí, no medio de catro casas, nun lugar afastado, aínda que á beira da estrada. Eu pasábao moi ben na Toca. Tiña amigos, participaba na malla seguindo a máquina e a limpadora de lugar a lugar, ía cos rapaces a lindar as vacas, e tiña un penedo preferido cun asento natural na rocha onde me sentaba, contemplaba o horizonte inmenso e vía pairar os buxatos a niveis máis baixos que o meu. Era a Pena do Cortello.

Outra referencia desa época é o Burgo de Trasbar, de onde era meu avó, preto de Cervo e de Sargadelos. Era un lugar situado realmente no confín do mundo e moi peculiar. De alí partira o meu avó na primeira saída urbana, que foi a Viveiro, onde se convertería nun cacique conservador. Fíxose procurador e casou nunha familia ben abastada de comerciantes da vila, dirixida con man de ferro por unha matriarca, dona María Barreiro. Os irmáns quedaron no Burgo de Trasbar e por iso había de ir eu moito por aló. O meu tío avó Marcelino e as irmás rexían a ermida de Santa Eufemia, moi famosa no seu contorno, onde acudían os mariñeiros do *hinterland* de San Cibrao a cumprir promesas feitas na mar adversa. Lembro que todo estaba cheo de ofrendas de brazos e barquiños de cera, de moitas cousas

que tiñan que ver co mar. Cómpre ter en conta que o mar estaba moi presente no interior daquela bisbarra. Nós recibiamos en Ferrol xamóns e outros subministrados por mar, non se lles ocorría mandárnolos por terra.

A ermida viñéralle á familia porque era dun pazo modesto que mercaran cando os donos, absentistas que vivían en Madrid, tiveran necesidade de vendelo, e eles, un par de xeracións atrás, eran mordomos da propiedade. Sendo xa deles, morreu na parroquia un fillo de solteira, que o párroco non quixo enterrar en sagrado, e o meu tío Marcelino enterrouno pola súa conta na ermida, que por ese feito incorreu en irregularidade eclesiástica, e non se podía dicir misa nela. Pero o tío Marcelino seguiu recollendo as ofrendas de trigo e millo. A festa seguía sendo na parroquia, pero o párroco non recibía nin un peso. Marcelino chegou a ter xente nas encrucilladas para dicirlles aos Romeiros: “A Santa Eufemia verdadeira é por aquí”. Era el o que “puña a santa” cunha imaxe portátil con manilla, para dar os croques na cabeza coa fórmula ritual (“xuntas conxuntas poñédevos no voso lugar...”). Así me foi “posta” a Santa Eufemia cando tería eu uns dez anos.

Alí coñecín o Sargadelos abandonado e melancólico, o da memoria de Ibáñez o ilustrado, aquel Sargadelos que estudara Bello Piñeiro, antes da xenial renovación que había de conseguir Isaac Díaz Pardo.

¿Que outras influencias destacarías desa primeira etapa?

Sen dúbida, a de Manuel Fernández Barreiro, que era consignatario de buques en Ferrol e tiña unha biblioteca magnífica, asombrosa. Fora un dos colaboradores de Céltiga, a editora en galego de Ferrol que dirixira Xaime Quintanilla. Publicara nela unha tradución ao galego da lenda irlandesa dos sete cis-



Na Toca, 1954

nes negros, con ilustracións de Castelao. Era un home moi interesante e moi amigo do pintor Felipe Bello Piñeiro. Conservo un manuscrito de don Manuel no que relata unha excursión deles dous á montaña, que viña sendo Monfero e arredores, pero que máis parece unha expedición ao Tíbet, cunha gran riqueza expresiva e de detalles. Vese canto tiña de exótico para Ferrol o seu contorno rural, e canto atraía a intelectuais e artistas como Fernández Barreiro e Bello Piñeiro. Por don Felipe coñecín o pensamento e a estética de Ruskin e entendín os prerrafaelitas. Quero sinalar con isto que daquela, no Seixo, na ría de Ferrol, en plenos anos corenta, podías estar en contacto con estéticas e éticas ben afastadas daquel medio.

Manuel Fernández Barreiro sabía moitísimo da historia de Ferrol. Era moi culto, moi discreto, e moi modesto. Na súa biblioteca, onde había libros e revistas en varias linguas, nutrinme de cultura e espírito. Cheguei a pedirlle, desde A Toca, os libros dunha lista que me interesaban en certo momento, desde a *Ética* de Scheler até os *Glosarios* de Eugenio d'Ors, e mandoumos, porque coído que os tiña todos, non sendo un. Foi mecenas dos pintores que daquela comeza-

ban as súas traxectorias artísticas en Ferrol. El propio pintaba acuarelas, que intercambiaba por correo cun amigo inglés, para criticalas mutuamente e aprender dese xeito. O seu fillo Manolo, pintor tamén, foi o meu compañeiro de moitos anos e rematou, como eu, indo para Inglaterra, onde está enterrado.

Na túa primeira mocidade en Ferrol, entras en contacto con Carballo Calero, co grupo Aturuxo ...

O decisivo aí é que meu pai, que fora e aínda era en 1936 presidente da CEDA local, electo deputado en febreiro con acta impugnada, e moi perseguido pola Frente Popular, quedou fundamentalmente abalado coa guerra civil. Nunca pensou que fora haber o estoupido de violencia que houbo e entroulle unha especie de noxo. Meteuse na casa, dedicouse á profesión e recusouse a facilitar datos ningún para a represión, que lle eran pedidos con insistencia. Os rapaces da miña clase social e ideoloxía familiar ían automaticamente ao colexio dos Mercedarios. Ingresara eu nel ao principio, pero non me gustaba, e ao meu pai tampouco. Daquela, mandoume a un dos colexios-academia da época que era, como outros, un refuxio de represaliados que salvaran a vida

pero quedaran inhabilitados profesionalmente. Recibín alí unha educación laica e republicana no seu cerne, aínda que levase engadido o que impuñan as autoridades.

Carballo ensinaba alí e para min foi unha revelación. Primeiro, culturalmente. A min e a todos os que asistíamos ás súas clases, abríunos moitos mundos. Víamos unha cultura viva, nos cursos de historia da filosofía, de literatura e de xeografía dos que estaba encargado.

Coñecer a Carballo era coñecer un modelo de intelectual, entender que a cultura non era nin un fardo que levar ás costas nin unha arma arroxadiza para bater nos demais ou gañar oposicións. Era un xeito de ser criatura humana cunha plenitude que merecía todos os esforzos. Impresionaba nel a seriedade e o rigor. Non facía nada por congraciarse cos alumnos nin tentaba disfrazarse con simpatía forzada, pero xamais nos aburría. As clases tiñan un ritual ben marcado e unha cerimoniaisidade simple pero acaída. Tampouco tiña nunca arrotadas de mal xorne nin imprecacións contra os alumnos, cousa que se apreciaba moito polo inusitada. Era home de clásica serenidade, na que albiscabamos un fondo de ímpeto romántico ben contido.

Sen falar nunca das súas circunstancias políticas, ben tráxicas como sabemos (fora condenado a morte, desterrado, preso e inhabilitado), nin amosar resentimento de ningún xénero, deixou para sempre vencelladas en algúns de nós, as ideas da cultura e do galeguismo. Unha cousa ía coa outra.

No curso de xeografía ditounos por varias semanas, partes da Guía de Galicia de Otero Pedrayo, e infundiunos unha excepcional e íntima familiaridade con Galicia, coa dimensión histórica, coa estética, coa sensibilidade para a xente e a paisaxe do país.

Cada semana tocáballe a un estudante preparar unha conferencia, que era a clase dese día. Había que expor unha cidade galega nas súas varias dimensións. Eu collera Betanzos.

Carballo arredondou o meu galeguismo. Non é que me descubrixe a Galiza, porque eu xa levaba unha base. Na miña casa había moitos libros en galego. A min Castelao descubrimos o meu pai, que o admiraba moito. Na casa lera eu tamén a Curros, nunha edición de 1911 que traía boa parte dos autos do proceso contra Curros, instado polo bispo de Ourense, onde viñan as defensas dos avogados do escritor en primeira instancia e en apelación. E o *Vento mareiro* de Cabanillas, e o prólogo de Victoriano García Martí ás obras de Rosalía na edición de Aguilar, tan evocador dunha época e de fonda galegitude. Tamén andaba pola casa a letra do Himno Galego, escrita a máquina nun papel amarelo; a música ensinouna o meu pai. E tantas outras lecturas que daban forma ás miñas vivencias da Galicia rural.

¿É Carballo quen te conduce a Otero Pedrayo, non?

Certo. Foi a finais dos anos corenta, cando Otero veu dar unha conferencia a Ferrol. Carballo pedíume que tomase notas da conferencia, que se chamaba “Vento do oeste”, porque logo quería publicala. Eu quedei abraiado por Otero. As notas publicáronse, coído que en varios números de *La Noche* ou do *Correo*, e, agradecido, Otero envioume un exemplar dedicado da súa biografía de don Marcelo Macías, que se publicara daquela.

Carballo ten que ver tamén con *Aturuxo*, con Tomás Barros, Miguel Vidal e Mario Couceiro. Vidal e Barros andaban pensando en facer unha revista e Carballo orientounos. Mario Couceiro xuntouse a

eles. Isaac Díaz Pardo, que era primo de Tomás Barros, fixo a portada e as ilustracións. Máis adiante levaría tamén viñetas de Ricardo Segura. *Aturuxo*, co subtítulo “Revista de poesía e crítica” era bilingüe, en galego e castelán. Agora foi reeditada en facsímile a colección enteira nas dúas épocas, que van de 1952 a 1960, e chama a atención a presentación, que era coidadísima, en parte pola minuciosidade de Miguel Vidal, tan esixente nisto como en toda a súa estética.

Cando chegas a Santiago comezas a desenvolver todas esas inqedanzas culturais...

Daquela, en 1949, eu non lle vía camiño viábel ao galeguismo político e social. Xa desde Ferrol estaba convencido de que Galicia era unha nación, e, non atopando mellor formulación política para explicarllo aos meus condiscípulos, moi refractarios a esa idea, a pesar do ensino de Carballo ao que non todos eran igualmente permeábeis, dicíalles que era unha situación colonial. Sabía, polo que eu fora averiguando de Carballo, e non polo que el me dixerá, do galeguismo da República. Pero todo me parecía algo así coma un paraíso perdido. Para min, o galeguismo que contaba en termos de persoas e lecturas estaba en Ferrol. Cando cheguei a Santiago fun visitar a Otero Pedrayo cun recado do meu pai. Vivía no Hotel España e alí falamos. Estivo moi amábel, pero non me animou moito. Menos mal que coa *Guía de Galicia* na man, andaba eu por Santiago e facía unha interpretación galeguista da cidade, cousa difícil ás veces, pero non vía galeguismo arredor de min.

Eu escribía entón algunhas cousas en galego, e falaba con López Nogueira, sempre inqedo, quen fora o meu compañeiro desde a preparación do



Con Ramón Piñeiro, Londres, 1972

ingreso no bacharelato e partillaba agora cuarto comigo no colexio maior. Un día díxome que viñera a morar en Santiago un filósofo galego saído da cadea, e que el xa o fora ver. E na primeira ocasión presentoumo. Era Ramón Piñeiro.

Pero a relación túa con Piñeiro non avanzou de boas a primeiras, non?

Realmente, a min Piñeiro non me dixo nada novo. Non me pareceu o filósofo importante que López Nogueira citara, ou pensei que, si tal era, non se lle notaba. O que si me pareceu foi que era unha persoa moi agradable, simpática no mellor sentido da palabra, empática mellor, fóra do corrente. Vínounas algunhas veces máis, case sempre en cafés con López Nogueira, e seguíu gozando da súa compañía.

Pasado algún tempo, Ramón LUGRÍS, a quen eu non coñecía antes e que chegara de Barcelo-

na, levoume á casa de Piñeiro. Alá sentamos arredor da mesa de braseiro. Lémbrome que falamos de López Nogueira, como amigo común, e que Piñeiro debuxaba con xestos e palabras un retrato feliz e simpático do meu grande amigo de sempre. Estaban claras as súas dotes de empatía e comunicación amábel e persuasiva. Admirei xa daquela e sigo admirando aqueles dotes singulares. Fomos amigos moitos anos, falamos moito, na casa del en Santiago e na miña en Londres, e sempre gocei desas calidades súas.

En 1958 contribuíches á *Homenaxe a Ramón Otero Pedrayo*, que publicara *Galaxia*, cun ensaio sobre o teatro galego...

Eu tiña, desde Ferrol, unha forte afección polo teatro, que cultivaba como podía. Ía só ao teatro, case desde neno, porque, como dixen, o meu pai retirárase moito da vida social por mor

da guerra e deixara incluso de frecuentar espectáculos. Ía ao teatro cada vez que pasaba por Ferrol algunha compañía, fose a de Irene López Heredia, unha de zarzuela ou os “Grandes Espectáculos de Enrique Ramبال”, que tanto me gustaban.

Logo, en Santiago, empezamos a facer lecturas dramáticas semiescénificadas e algunha representación completa. Como eu estaba nun Colexio Maior, iso non era tan difícil de facer. Traducín algunhas cousas, como *A cantante calva* de Ionesco e *A ostra e a perla* de Saroyan, e estreei unha obra de Tomás Barros, *Panteón familiar*. A primeira obra que dirixín no Colexio Maior foi a *Casa de bonecas* de Ibsen. Aí coñecín a Teresa Barro, a miña muller, que foi a Nora Helmer daquela representación.

En 1958, Ramón Piñeiro pedíume algo sobre teatro para o volume de homenaxe de Gala-

xia a Otero Pedrayo, que cumpría entón os 70 anos. Os “novos” estabamos representados nese volume por Franco Grande, cun ensaio sobre a galicidade da paisaxe en don Ramón, e polo meu “Vaticinio do teatro galego”.

Ese tempo de Santiago foi a cabalo de dúas épocas...

Eu quedei en Santiago máis do debido. Perdera un ano por mor dunha enfermidade que me levou un ano de repouso en Ferrol e licencieime máis tarde. Lembro que naquel repouso tiñamos unha tertulia arredor da miña cama. Viña Manolo Fernández Gasalla, que era o fillo de Fernández Barreiro, Mario Couceiro e o grupo de Aturuxo. Mesmo tiñamos plans de facer unha revista que nunca chegou a abrollar.

Cando volví a Santiago había xente nova, Beiras, Meilán... en fin, había moita máis actividade, mais preocupación. Era outro ambiente distinto. Logo de rematar, quedei un par de anos na Residencia e asumín a xefatura de estudos. Eu era quen organizaba as conferencias, teatro, etc. Era ideal, porque aínda que non cobraba nada, vivía alí gratis. Tiñan moito éxito as audicións musicais. Beiras viña moito por alí.

Por eses anos ocorréuselle a López Nogueira a idea das Festas Minervais. Aproveitou un tempo de apertura do SEU, axenciado en Santiago por Eiras Roel, e tamén a súa relación persoal, “de filósofo a filósofo” como el dicía, co reitor Legaz, e as Minervais celebráronse varios anos. Nese marco coñecín a Franco Grande, que aínda non estaba en Santiago na miña primeira etapa alí, antes da doenza. Gañei algún premio nas Minervais, de poesía en castelán, aínda que tamén escribía poesía en galego e había premios para as dúas linguas.

Naquel tempo foi cando coñecín a Jacques Bousquet, un

ex colaboracionista francés, refuxiado en España. Recomendoume Álvaro d’Ors para que lle dese clases de español, porque eu sabía francés. Deille clases a el e á súa muller, unha princesa tailandesa (o final da guerra pilláralo en Indochina). Bousquet deu unha serie de conferencias sobre o teatro francés, con ilustracións do meu grupo, e outras sobre Rimbaud e sobre Paul Valéry. Por el souben de Ionesco e a súa obra, e tiven unha primeira orientación ás culturas orientais. Deixoume o *Genji* de Murashaki Shibiku e o *Soño dos aposentos vermellos* nas traducións de Arthur Waley. Despois foise para Madrid, onde traballou como asesor con moita influencia na política do Ministerio de Educación. Víao eu bastante alí, na miña etapa de Madrid. Desapareceu da cidade durante a crise da guerra de Alxeria e a conspiración da OAS. E non volví saber del. Na súa estada en Santiago chegou a informarse bastante do galeguismo, grazas ao doutor Devesa, que vivía no mesmo inmoble, e do que lle contaba Carlos Alonso del Real, que o visitaba con certa frecuencia. Bousquet era home de gran cultura e intelixencia, pero negativo e destrutivo na súa cosmovisión despois do fracaso da revolución galofascista na que creara.

¿Cal era entón o teu horizonte persoal?

Aquela experiencia de Santiago era moi cómoda e moi agradable para min, pero non podía durar para sempre, claro. Tiña que facer algo e funme a Madrid, a tentar oposicións que me repugnaban como sistema e tampouco me atraían como camiño a un porvir que non me interesaba. Despois traballei algún tempo como avogado na Coruña, sen entusiasmo ningún. A verdade é que non tiña interese pola práctica do Derei-

to en ningunha das súas formas, desconectárame do eido académico (d’Ors e o Dereito Romano) e cada vez vía máis clara a pavorosa dificultade da independencia. O meu descontento non era tanto político, que iso podería ter remedio, senón cultural e social. Calquera camiño que puidese haber, levaba consigo unha certa servidume, unha perda de independencia persoal, mellor ou peor compensada. A miña esixencia mínima pero irrenunciable era a de poder desenvolver un labor intelectual e profesional sen perder a independencia. Iso non era posíbel para min naquela Galicia e empecei a pensar nas posibilidades de facelo fóra.

¿Foi esa reflexión a que te levou a Londres nos anos sesenta?

O estranxeiro tiña para min, desde sempre, unha atracción forte e Londres non me desenganou. Era e segue a ser unha cidade da imaxinación, un texto xerador de innumerábeis textos. Era realmente un soño pensar na posibilidade de ter un traballo na BBC, na que estaba, en certo modo, tamén presente unha tradición galeguista, a do programa en galego e Plácido Castro. Contratoume a BBC cun período de proba de seis meses, que era o normal, aínda que a min me confirmaron o contrato antes de concluír a proba. Entrevistoume na Embaixada Británica de Madrid o xefe dos servizos europeos da BBC, Edward Ashcroft, irmán da famosa actriz Peggy Ashcroft. Levaba eu entón moi pouco tempo casado, menos dun ano, e acababa de nacer a miña primeira filla. Dinme de baixa con alivio no Colexio de Avogados, merquei unha pasaxe de barco e a mediados de agosto de 1963 collín o *Ascania* no peirao de Vigo. Era un barco italiano que viña do Caribe, cunha das primeiras vagas de inmigración

antillana forte en Inglaterra. Lembro que viña cheo de froitas tropicais. Os inmigrantes bailaban toda a noite, e aquela música alegrábase como benvida a unha vida nova.

¿Como lembras aquela partida e que tipo de vínculos establecidos con Galicia nes primeiros anos en Londres?

No peirao de Vigo embarcou pouca xente. Alí me despediron Franco Grande e Teresa, a miña muller. A última impresión do país foron as Cíes. Ao pasar diante delas, decateime de que ía de verdade para Inglaterra e que non estaba soñando.

Teresa e a miña filla Ana irían despois, cando a BBC xa me confirmara no emprego.

Desde Londres seguí escribíndome con Piñeiro. Nas primeiras cartas que tiven del recibín, por certo, o anuncio de que se ía publicar GRIAL, e que contaba coa colaboración de Teresa e coa miña. Agoirábame unha adaptación doada ao novo país, porque, segundo dicía, eu tiña moita “flexibilidade”. A verdade é que non precisei facer sacrificio ningún. Tamén continuei a comunicación con Beiras e seguí, máis ou menos a distancia, a evolución do PSG que, curiosamente, non coñecía antes. Ás veces aparezo ligado ao PSG, e o propio Beiras parece ser que pensaba que eu estaba afiliado desde o comezo, que me tiña mandado unhas bases e que eu participara no proceso fundacional. Había un certo equívoco. El contábame cousas e eu contestáballe, pero non estaba no PSG. Tamén botei unha man cando fixo falla porque, dos proxectos que había, parecíame o mais razoable. Naquel tempo, Beiras veu a Londres varias veces estando eu alí e fixémoslle unha entrevista na BBC. Acompañei tamén á sede da Internacional Socialista, cando aínda non chegaran os tempos de Felipe González. Na Interna-



Con Ramón Luís Acuña na BBC, 1966

cional non atopamos comprensión ningunha dun socialismo federal, non había alí máis socialismo que o español. Á parte diso, eu difundía as cousas que me mandaban do PSG, facíallas chegar ao Partido Laborista e á prensa británica. Pero non estiven nunca no PSG.

¿Como foron os teus primeiros pasos na BBC?

Foi unha experiencia importantísima. Aprendín moito. Facía de todo. A primeira vacante que había era no programa agrícola, *Vida rural*, e alí comecei. Servíume para coñecer ben o país, porque a BBC estaba moi ben organizada e era xenerosa. Había unha axenda de acontecementos, e se vías unha feira interesante, eles encargábanse de organizar todo o desprazamento. Eran ocasións excelentes para ver o campo inglés. Interesoume moito aquela natureza, a apreciación da historia, os campos que me eran moi afíns e que contribuíron a que nunca, en

ningún momento, sentise morriña. Foi curioso porque, en Madrid, experimentara unha nostalgia até física, cousa que nunca padecín en Inglaterra porque sempre me permitiu establecer unha relación afectiva coa paisaxe que, aínda non sendo igual á galega, era máis próxima.

Despois pasei a facer o programa de Artes e Letras. Aí entrevistei moita xente, entre eles a Madariaga, cando cumpría os 80 anos e facíano doutor Honoris Causa en Oxford. Lembro que levei unha decepción porque a propaganda do réxime en España o presentaba como un cosmopolita desarraigado, é dicir, como un home medio inglés, e a min sorprendeume a súa españolidade. Era inconfundiblemente hispano e gustaba de explicar a súa teoría da verticalidade do home español. Era moi conservador e moi castizo.

Fixen tamén un programa político, semanal, como unha

especie de revista de prensa, collendo opinións de diferentes fontes para achegar certa pluralidade sobre determinados temas. Por aquel entón, non se lía tan facilmente prensa inglesa en España. Tamén se facían entrevistas a políticos españois que pasaban por Londres: Tierno, López Rodó, Solís... Lembro que Solís, despois de falar con sindicalistas británicos, díxonos que aqueles sindicatos “eran exactamente iguais que os de España”.

A verdade é que era un observatorio magnífico. Tíñamos unha riqueza informativa e de materiais asombrosa.

¿Alí coñeciches a George Hill ou xa non estaba?

Xa non era xefe da sección española, pero aínda así, viña moito por alí. Víame moito con el. Até lle pasei contactos en Ferrol para a súa biografía de Franco. El era un home de dereitas, moi católico, e tamén moi intelixente. Sabía moito de España e tamén de galeguismo. Diría mesmo que tiña certa simpatía por Galicia e até polo galeguismo, politicamente limitada, claro.

¿Quedaba algo entón do programa galego co que colaboraban Fernández del Riego e outros galeguistas desde o interior?

Quedaban moitos ecos, pero cando eu cheguei xa non existía. Quedaba a boa lembranza de Plácido Castro e de Alexandro Raimúndez. Ramón LUGRÍS, traballara alí antes que min, aínda que tamén despois do programa en lingua galega. E despois de min xa non contrataron máis galegos. A conexión con Galicia rematou comigo, que eu saíba.

¿E podías ser independente na BBC?

Si. É certo que os servizos exteriores da BBC non estaban financiados pola licenza que pagan cantos teñen aparello de radio ou televisión (isto é o que garante a independencia da Corporación, que é

pública pero non estatal), senón por una subvención anual do Foreign Office. Algunha vez fun, substituíndo ao xefe da sección, ás conferencias diarias cun funcionario do Foreign Office que comunicaba o que lle interesaba ao Ministerio da actualidade do día. Nunca o que tiñan que dicir os nosos servizos. Iso quedaba ao tino da sección. Nos cinco anos que alí estiven non vin nunca unha imposición, pero si indicacións claras sobre o que consideraban importante e o que non. Fóra dos grandes temas, non se falaba do contido concreto dos programas. A independencia editorial da BBC non quería dicir que cada redactor puidese dicir o que lle petase sen máis. Iso era lóxico e non danaba a independencia persoal que eu quería, nin me fixo nunca ir contra dos meus principios nin me sentín incómodo por ese lado.

¿Por que a saída da BBC para a Organización Internacional do Café?

Dunha banda, porque era posíbel que a BBC acabase por pechar a sección, e así foi co tempo, aínda que subsistiu algúns anos máis. A OIC ofrecía mellores condicións económicas e o estatus de funcionario internacional. Entrementres que o servizo da BBC non pechou, seguíu colaborando con eles, facendo críticas de libros e algunhas series culturais.

Pensaba tamén que ía ter máis tempo para estudar linguas, que fora un dos meus obxectivos de sempre.

¿Que linguas che interesaban?

¿Estudaches chinés, por que?

Interesábanme e seguen interesándome todas, como instrumento para entrar en culturas diferentes. Afógame o monolingüismo. Estudara ben latín e grego no ensino secundario e despois, cando pensei facer Letras; e tamén no curso de latín xurídico de Moralejo para os que parecía que íamos ensi-

nar Dereito Romano algún día. Botaba en falta o hebreo, que viría máis tarde, e o árabe, que aínda non chegou. Eu respecto moito as linguas, e coñecelas superficialmente parece unha ofensa, case un delito contra a honestidade. Así que estaba e estou condenado a unha relación trágica que pode acabar no inferno como a de *Don Giovanni*. Traducín moito e dirixín servizos de tradución, e estou convencido de que é unha tarefa imposíbel, pero tamén de que iso non é escusa para non facela o mellor posíbel.


A cultura chinesa interesoume sempre. E os moitos anos que tiveron que dedicar ao estudo da lingua chinesa ata acadar a miña licenciatura na Polytechnic of Central London e pasar un verán na Universidade do Pobo Chinés en Beijing, obrigáronme a descoidar un pouco as demais linguas, nunha especie de monogamia, da que non me arrepiño. De aí viñeron as miñas traducións ao galego e introducións da literatura moderna (*Flores e leña*) e clásica (*Breviario do pensamento clásico chinés*). China era moito máis exótica daquela que hoxe, e agora pode haber máis intereses prácticos para aprender chinés.

¿Foi a perda do referente do servizo da BBC en galego a que vos levou a imaxinar outro sistema de comunicación con Galicia? ¿Como xurdiu o Grupo de Traballo de Londres?

Non. O programa galego da BBC desaparecera xa en 1956 e o Grupo comezou en 1970. Eramos unhas cantas persoas (Teresa Barro, Carlos Durán, Manuel Fernández Gasalla, Xavier Toubes e mais eu) que coidabamos que podía ser útil facer chegar a Galicia as nosas reflexións independentes, que pensabamos que podían ter o valor que lles viñera de ser feitas desde o exterior e sin vincallos partidarios. Non tiñamos todos a mesma ideoloxía nin as mesmas preferencias polí-

ticas, e nin sequera os mesmos amigos no país. Acababa de entrar en vigor unha nova lei de educación que abría unhas certas posibilidades para o ensino nas linguas autóctonas. Empezamos entón a facer unhas páxinas, financiadas por nós e dirixidas principalmente aos mestres. Consequimos direccións e establecemos unha comunicación cos mestres. Mandábanos cartas con opinións e peticións. Non había materiais pedagóxicos e tentamos darllos en suplementos do boletín co que podíamos atopar. Mesmo escribiamos contos nós, ou adaptabamos outros ao galego para que eles puidesen usalos no ensino. Foi unha experiencia moi estimulante. Ben-Cho-Shey, que era inspector de primaria en Madrid, soubo da iniciativa e ofreceunos apoio e diñeiro. O diñeiro non o aceptamos, nin del nin de ninguén, pero agradecémoslle moito o ofrecemento.

Nos tempos da transición decidimos ampliar o alcance do Boletín e facelo máis político nun sentido moi laso, e sempre cos mesmos criterios de independencia. Carlos Durán non quixo seguir nesta nova orientación e non volveu ao Grupo. Incorporáronse Ricardo Palmás, que marchara da Arxentina e viñera para Londres, e Carmen Vázquez. O *Boletín* do Grupo de Traballo facíamolo de forma colectiva, a partir das ideas e achegas de cada un, combinando varios puntos de vista e diversos temas. Todo se debatía e aprobaba nas nosas reunións e nada ía asignado persoalmente. Imprimíamolo nun establecemento de tipografía, todo pola nosa conta, e enviabamos os exemplares a Galicia por correo, ás persoas dunha lista de enderezos que ía crescendo. Editamos un total de vinte e catro números. Agora resucitámolo na rede: <http://www.grupotraballogalego.uk.net/>. Alí incorporamos o noso arquivo das varias épocas



do *Boletín*, e levamos xa trece publicados desta época actual.

¿Como sabíades da reacción en Galicia?

Cando recibín o Pedrón de Honra na casa da Matanza en 2005, foi para min unha satisfacción comprobar que Manolo Caamaño era un dos que recibían aquel boletín. Porque naqueles tempos non era doado saber que impacto tiña, aínda que recibíamos algunhas respostas e polo que nos contaba algunha xente, víase que tiñamos afeccionados.

Dis que non había afán político, pero si tomabades posicións en asuntos de certa transcendencia...

Non entrabamos na loita partidaria cotiá, pero si había posicionamentos políticos de fondo. Por exemplo, dixemos non ao Estatuto porque considerabamos a autonomía como unha operación de engano. Había, en xeral, unha perspectiva rupturista e radical, no sentido de incorporar unha preocupación por ir ao fondo das cousas. Non eramos apolíticos. Queríamos dar a nosa opinión e propor temas de reflexión que xulgamos importantes.

¿Nunca pensaches no retorno a Galicia?

Nunca.

Pero tantos anos fóra si cambiarían a túa percepción de Galicia.

Moito. Eu atopei en Inglaterra unha sociedade moito máis aberta. O contraste era total e servíume para comparar e advertir desde fóra cousas que desde dentro son máis difíciles de ver. Nese sentido, axudoume a artellar mellor o que era unha simple intuición de anormalidade social do noso país. Foi moi útil e enriquecedora esa ensinanza.

Polo demais, xa dixeran que eu valoraba moito a independencia, que ten un prezo e hai que estar disposto a pagalo, e eu pagueino e sigo disposto a pagalo. Non se trata dunha independencia que eu queira para min; non é que me pareza moi importante que o señor Pérez-Barreiro sexa moi independente, senón que aí radica a pedra de toque esencial para poder valorar os fenómenos políticos no sentido máis amplo, afondar no perfil daquel sistema, daquela maneira de organizarse que mellor garante que as persoas non teñan atrancos para poder desenvolver as súas potencialidades variadas. Digo variadas porque é moi importante que non haxa só unha; é dicir, unha sociedade que dea unha oferta na que poidan caber as diferentes variedades do ser humano, sen que ninguén che pida un pago de obediencia ao poder.

Eu penso que atopei unha sociedade máis preto dese ideal. O meu desencanto ou a miña incomodidade cando estaba en Galicia, non era só coa sociedade española senón tamén coa galega. Pero eu imaxinaba que Galicia podería chegar a ser unha alternativa a un monolitismo mental que estaba ligado coa historia do centralismo español.

O que me da estar fóra é pensar nunha Galicia, non máis parecida a Inglaterra, non falo de comparanzas, na que os galegos poidan desenvolver as súas

potencialidades infinitas. Nese sentido é no que me sinto galeguista, galeguista radical, empeñado en destapar ou en abrir canles para que esas enerxías poidan fluír sen atrancos, ou sen máis atrancos que noutras sociedades máis desenvolvidas nese senso.

¿E non advirtes diferenzas e evolucións positivas co paso do tempo?

Vexo cousas esperanzadoras, pero non grandes diferenzas. Vexo o nacionalismo, e tamén un antinacionalismo moi forte. Pero estar fóra libérate de moitas servidumes. E dáme a impresión de que en Galicia, a pesar dos cambios, as persoas aínda deben violentarse nas súas conviccións profundas e hipotecar a súa existencia para acadar o máis básico, un traballo do que vivir. Amais diso, fóra podías atopar traballos máis feitos á medida dun, que en Galicia non había. Entón, ¿volver? Sempre pensei que non, porque o meu combate mental ía quedar atado precisamente por todo aquilo do que eu quixen saír unha vez.

Iso non está en contradición coa fidelidade ás túas conviccións galeguistas.

De xeito ningún. Reforzoumas tanto que cheguei a comprender que estando na diáspora era máis doado para min explicarlle a calquera que eu era galego. E sigo pensando que en Galicia poden darse as condicións para que a sociedade experimente un proceso de desenvolvemento normal, decente, sen hipotecas inadmisibles. Tampouco é ideal para min que todos os galegos teñan que saír fóra para poder desenvolverse en plenitude. O fundamental é que interioricemos o valor da diversidade fronte á unidade. E as unificacións de pensamento van en contra diso, crean inmediatamente un conformismo, un

poder e un servilismo, un empobrecemento, en definitiva, persoal e da propia humanidade. Creo que os nacionalismos, hoxe, debían ser a base do enriquecemento da humanidade, porque son o viveiro onde poden nacer ideas que non nacen nesa unidade enorme, globalizada, que se aspira a crear. A pesar da mala fama dos nacionalismos, a riqueza está na diversidade. Mentres iso non se admita, o nacionalismo enténdese como algo negativo, asociando progreso a simplificación, o que nos deixa sen alternativas. Para min, non obstante, o nacionalismo ofrece as dimensións óptimas para o desenvolvemento do ser humano. E algúns galegos poden ver máis claro o seu nacionalismo entendendo e respectando outros, e vendo que hai máis opción que a de ficar apachucados entre o centralismo abafante e a dor da frustración de non se sabe o que.

E non será iso consecuencia de que o nacionalismo presenta unha faciana excesivamente reducionista, moi á defensiva...

A concentración no identitario hai que contrarrestala dalgunha maneira. É moi difícil cando estás na propia pel porque estás loitando pola vida e en léxítima defensa; pero estás perdendo ocasións de crear. Galicia, por exemplo, é unha nacionalidade histórica, e iso hai que defendelo, claro, con todas as implicacións que ten, pero para min é máis importante ser unha nacionalidade de proxecto, un conxunto de seres humanos que queren facer a súa vida. E que queren vivir e situarse no mundo ao nivel das demais nacionalidades.

Para esa defensa eficaz da identidade, ¿consideras que un estado, por exemplo, é algo esencial?

Sen dúbida ningunha. Un estado ou o máis parecido ao esta-

do, un instrumento de poder público que permita exercer a soberanía. A soberanía é o que estou defendendo para min e tamén a quero para todo o mundo. É decidir ti do teu. ¿Ata onde chega? Non lle teño medo aos límites, do mesmo xeito que como persoa non lle vexo límite ningún á miña liberdade. Irei ata onde me deixen. E a nación, igual. Trátase de gañar poder para exercer a liberdade e tamén a responsabilidade, que sen ela non existe. O estado moderno foi unha conquista democrática como punto de conxunción de intereses públicos diferentes. Pódese perfeccionar, pero non se debe renunciar a el. Nin pretender que pasou de moda, para o que se nos pide que o esquezamos no altar dun superestado, que é todo o que se conseguiu inventar no experimento europeísta.

¿Esa é unha das razóns da túa crítica a todo o proceso europeo?

Para min ese proceso equivale ao agrandamento dos defectos do estado. Non vexo nel un proxecto realmente novo, de dimensións liberadoras, entre outras cousas, porque dispensa de pensar. As cousas hai que resolvelas aquí, no lugar. Se vai ser en Bruxelas, para iso xa tiña Madrid. Libérame de pouco se vou a depender agora da inxeción de fondos europeos onde antes dependía das influencias en Madrid.

Nisto sempre tiveron diferenzas con Piñeiro e con LUGRÍS, con aquel europeísmo formulado como unha forma de superar o nacionalismo, na que eu, por certo, non sei canto correspondía a Piñeiro, que a min parecíame máis "atlantista" que outra cousa. ¿Que nesa superación conservamos a identidade? A min parecíame moi difícil. É moi utópico. Non vexo que sen soberanía e sen poder político poidas desenvol-

verte; se chegas a facelo non vai ser porque o promovan desde outro sitio. É a mesma clase política xogando en dous escenarios. Até as persoas son as mesmas, e idénticas as redes e os mecanismos de influencia, sempre para conseguir algo de fóra.

Pero tamén pesarán moito as limitacións económicas do mundo en que vivimos. Asistimos a un acelerado proceso de mundialización que pode influír negativamente nas posibilidades de afirmación de Galicia. ¿Compartes esta idea?

Si, sobre todo se a sociedade galega non se conciencia. A min paréceme que o pensamento nacionalista está reclamando unha forte reformulación de actitudes e de mentalidades. Pero cómpre ter moi claro o que se pretende e para iso necesítase crear pensamento. Eu noto aí unha falla. E hai que ter claro que ser galego pode resultar máis difícil que ser só español ou europeo. Deixar todo en mans doutros e máis doado para o gobernado e dálle a escusa ideal ao gobernante para eximilo de responsabilidade. “Bruxelas non nos deixa...”

A iniciativa na creación de pensamento alternativo corre máis da conta dos movementos altermundializadores que do nacionalismo.

Simpatizo ata certo punto con eses movementos, pero non lles prognostico moita eficacia. Necesitarían o nacionalismo. Penso que non lle outorgan suficiente papel e mesmo comparten, en moitos casos, unha visión negativa do nacionalismo, asociada a unha reacción vella, de que son de xente nostálgica, ou violentos, etc. Ademais, o seu rexeitamento do poder do estado é moi ideolóxico, e iso serve de pouco porque non acabas de verte nese mundo. Quedas igual de desprovisto que no outro, aínda que con mellor conciencia. Fál-

talle arraigo e iso proporciónao o nacionalismo, máis próximo ás mellores aspiracións humanas.

Polo demais, para min, a vantaxe do nacionalismo é que ten nobreza, ten ideas, ten ideario e non é utópico. É o asentamento nunha realidade, na realidade do ser humano no seu país, e esa, con globalización ou sen ela, seguirá existindo. Se permitimos que non exista, vai ser en beneficio dunha mundialización gobernada polos intereses multi-



En Beijin, 1982

nacionais, pero nin sequera doutros países. Vai dominar unha ideoloxía do beneficio puro. Acusan ao nacioznalismo de egoísmo, cando a deles é a solución do egoísmo total, onde soamente funciona o principio do rendemento. É máis egoísta unha multinacional que un galego que só quere ser galego, ¿ou non? O que quere ser galego non é egoísta nin vivir de ninguén, quere ser o que é.

¿Somos egoístas cando rexeitamos a participación política ou social da diáspora na vida galega?

A diáspora está por construír. Ten as bases como as ten o país, quizais un pouco máis liberadas porque ás veces é máis fácil ver a Galicia desde fóra que desde dentro, e incluso identificarte directamente con Galicia sen

pasar por Madrid. Pode ter a eiva do sentimentalismo, que haberá que combater para que non mate o sentimento e o pensamento, pero esa eiva haina tamén no interior. Ben sei que a diáspora é criticable, pero tirar ou limitar ou compartimentar o sufraxio, para min é un paso atrás nese proceso. É ofensivo presentar unha diáspora desinteresada. Haberaos que si e haberaos que non. E haberá que informalos se non o están. No mundo de hoxe é ben doado. Renunciar á diáspora é renunciar a unha riqueza do país; unha riqueza que se perde si non se usa. Dispor dun capital humano en tantas partes do mundo brinda moitas posibilidades que deberían aproveitarse mellor. Esa é outra das razóns que explican o meu euroescepticismo, porque Galicia ten unha dimensión europea, é certo, pero tamén unha dimensión universal, que para min é máis importante aínda. A idea da “fortaleza europea” ampútalles unha parte, unha realidade que eu teño ademais moi viva na miña experiencia persoal e familiar. Con nove tíos na emigración en tempos pasados.

¿E como ves o futuro?

Esperanzador, se aprendemos a usar o noso potencial, a aprender de todas as fontes e de todos os puntos do compás e de todas as épocas. É o mellor antídoto para non deixarse levar pola moda do momento, que case sempre chega polos medios informativos da capital. E así conseguimos imaxinar un porvir folgado e noso. O importante é non deixarse levar e, como dicía William Blake, “non parar no combate mental” ■

Os autores agradecen a Begoña Carrera, Lara Barros e Marola Padín, a colaboración prestada para a transcripción desta conversa.